

Por todo isto, cómpre ditar a correspondente disposición que modifique o citado real decreto para recoller o aprazamento indicado na decisión da Comisión Europea.

De acordo co disposto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, este real decreto foi sometido ao trámite de audiencia que nela se establece, remitíndose aos sectores industriais implicados. Tamén foron consultados os órganos competentes das comunidades autónomas e sectores da actividade industrial afectados, e recibiron informe favorable da Comisión de Coordinación de Transporte de Mercadorías Perigosas e do Ministerio de Fomento.

Este real decreto apróbase en exercicio das competencias que, en relación coa materia de seguridade industrial, lle atribúen expresamente á Administración xeral do Estado a totalidade dos estatutos de autonomía, conforme ten declarado reiteradamente a xurisprudencia constitucional recaída ao respecto (por todas elas, as sentenzas do Tribunal Constitucional 203/1992, do 26 de novembro, 243/1994, do 21 de xullo, e 175/2003, do 30 de setembro).

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de outubro de 2004,

#### D I S P O Ñ O :

Artigo único. *Aprazamento.*

A data de aplicación do Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE do Consello, do 29 de abril de 1999, relativa aos equipamentos a presión transportables, adíase ata o 1 de xullo de 2005 para os bidóns a presión, os bloques de botellas e as cisternas.

Disposición transitoria primeira. *Autorizacións.*

1. Autorízase a comercialización e posta en servizo ata o 1 de xullo de 2007 dos equipamentos a presión transportables citados no artigo único que cumpran coa regulamentación nacional vixente antes do 1 de xullo de 2005.

2. Aqueles equipamentos a presión transportables citados no número 1 e comercializados con anterioridade ao 1 de xullo de 2007 poderanse pór en servizo con posterioridade a esta última data.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación retroactiva deste real decreto.*

O disposto neste real decreto será de aplicación desde o 1 de xullo de 2003.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto constitúe unha norma regulamentaria de seguridade industrial, que se dita ao amparo do disposto no artigo 149.1.13. da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
JOSÉ MONTILLA AGUILERA

## XEFATURA DO ESTADO

**19120** *REAL DECRETO LEI 8/2004, do 5 de novembro, sobre indemnizacións para os participantes en operacións internacionais de paz e seguridade.* («BOE» 271, do 11-11-2004; «BOE» 280, do 20-11-2004, e «BOE» 282, do 23-11-2004.)

A presenza internacional de España medrou sensiblemente nas últimas décadas. Iso traducíuse nun notable incremento da presenza de españois que prestan os seus servizos fóra do territorio nacional, en especial en operacións de paz e seguridade internacionais, asistencia humanitaria ou noutras misións oficiais de representación ou de servizo exterior do Estado que se ven expostos a situacións de perigo.

Especialmente, faise patente a presenza española no exterior coas diversas misións das nosas Forzas Armadas, que asumiron moi diversos cometidos, non exentos de sacrificios e de riscos. Os membros das Forzas Armadas, que forman parte dos cuarteis xerais e dos continxentes militares desprazados fóra do territorio nacional, acoden en cumprimento dun deber, como parte integrante da forza multinacional, ao servizo da paz e da seguridade, e contribúen co seu esforzo á liberdade, á xustiza e ao progreso dos pobos.

Igualmente relevante é a contribución á paz e ao respecto dos dereitos humanos dos membros das forzas e corpos de seguridade do Estado integrados nos continxentes militares ou en forzas de policía internacional creadas por mandato de organizacións internacionais.

Tampouco se pode esquecer o persoal destacado en misións diplomáticas e representacións permanentes no exterior; así como os integrantes de organizacións non gobernamentais, xornalistas ou o resto das persoas enviadas por España en misión oficial para representar o Estado ou para contribuír á posta en marcha da política exterior española, que asumen igualmente un risco que, en ocasións, pode afectar a súa vida ou integridade, cando teñen que exercer as súas funcións en situacións de conflito ou de violencia.

A xenerosa contribución á paz de todos os participantes neste tipo de misións tivo un lutuoso resultado en perda de vidas humanas, que se traduce, actualmente, en máis dun cento de falecidos. Especialmente doloroso foi o accidente do Yakolev-42, no cal morreron 62 militares españois, sen que tal sinistro estivese cuberto por un seguro que, lamentablemente, se contratou pero que non era efectivo.

Para que tal situación non se volva repetir nunca máis é polo que se considera necesario regular con urxencia as indemnizacións que deben corresponder nestes casos.

Na actualidade existen diversos continxentes militares desprazados que cumpren misións no exterior, expostos a situacións para as cales non contan cunha cobertura que garanta unha compensación adecuada ao aumento de risco que levan consigo. Por iso, tamén resulta necesario e urxente que a sociedade española non só recoñeza o esforzo de quen, afastado de España, a serve con entusiasmo, profesionalidade e espírito de entrega e sacrificio, incluso da propia vida ou integridade corporal, senón que, tamén, estableza un sistema de indemnizacións que trate de paliar, na medida do posible, as consecuencias derivadas de tan importantes riscos.

Recoñécense con carácter retroactivo indemnizacións como consecuencia do falecemento e grande invalidez das persoas que se relacionan. A listaxe que se inclúe na disposición adicional terceira deste real decreto lei poderá ser ampliada, se é o caso, mediante a correspondente norma xurídica, para non producir inxustiza ou agravio,

en favor daquelas persoas que por calquera causa non se inclúen e nas cales concorren as mesmas circunstancias.

A situación extraordinaria de atender as vítimas de forma urxente e a urxente necesidade de suplir a antedita falta de cobertura son os supostos principais e determinantes que habilitan o Goberno para acudir ao procedemento lexislativo extraordinario do real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización conferida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación, Defensa, do Interior, de Traballo e Asuntos Sociais e de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día cinco de novembro de dous mil catro,

## D I S P O Ñ O :

### Artigo 1. *Obxecto.*

Establécese un sistema de indemnizacións cando se produza a morte ou danos físicos ou psíquicos para os cidadáns españois relacionados no artigo 2, con motivo da súa participación nunha operación de mantemento da paz, de asistencia humanitaria ou noutras de carácter internacional que foran aprobadas especificamente polo Goberno para estes efectos.

As indemnizacións terán carácter extraordinario e concederanse por unha soa vez. En ningún caso implicarán asunción de responsabilidade ningunha polo Estado. As súas contías serán as seguintes:

Causa das indemnizacións	Euros
Falecemento . . . . .	140.000
Grande invalidez . . . . .	390.000
Incapacidade permanente absoluta . . . . .	96.000
Incapacidade permanente total . . . . .	48.000
Incapacidade permanente parcial . . . . .	36.000

As indemnizacións por lesións permanentes non invalidantes serán as que resulten da aplicación do correspondente baremo establecido polo texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro. A determinación das continxencias de grande invalidez, incapacidade e lesións levarase a cabo de acordo co regulado no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

### Artigo 2. *Ámbito persoal.*

As indemnizacións establecidas neste real decreto lei son de aplicación:

a) Aos militares españois que participen nas operacións citadas no artigo 1, con inclusión daqueles que, dependentes do Ministerio de Defensa, formen parte da tripulación dos medios de transporte en que se realicen os desprazamentos.

b) Aos membros das forzas e corpos de seguridade do Estado que participen nas operacións mencionadas no artigo 1.

c) Ao persoal ao servizo das administracións públicas, incluíndo o contratado en España a título individual polo Estado, que se desprace ao territorio en que se realice a operación para participar nela ou que se encontre destinado no dito territorio.

### Artigo 3. *Outras axudas e resarcimento de gastos.*

1. O Ministerio de Educación e Ciencia, en cooperación coas comunidades autónomas, acordará as medidas necesarias para suprimir as taxas académicas nos centros públicos ou concertados de ensino a quen sufra lesións invalidantes comprendidas no ámbito de aplicación deste real decreto lei, así como para os fillos e cónxuxes dos falecidos.

2. Igualmente, poderanse conceder axudas destinadas a financiar tratamentos médicos, próteses e intervencións cirúrxicas, sempre que se acredite a súa necesidade e non fosen cubertos por un sistema público ou privado de aseguramento.

### Artigo 4. *Requisitos temporais.*

1. Para os efectos deste real decreto lei, entenderase que a participación nunha misión oficial comeza no momento en que se inicia a viaxe de saída ao estranxeiro e finaliza no momento en que ten lugar o regreso a territorio nacional.

2. Este período non inclúe o tempo en que os participantes na misión permanezan en territorio nacional preparando a operación, incluídos os desprazamentos en territorio nacional necesarios para comezar a misión. Igualmente, tampouco abranguerá o tempo das estadias en territorio nacional calquera que sexa o motivo destas.

3. Para o persoal ao servizo das administracións públicas que participe nas misións e non utilice os medios de transporte das forzas expedicionarias, computarase este período desde que se produza o embarco para iniciar a viaxe ao estranxeiro ata que a misión conclúa co seu desembarco en España.

4. O persoal ao servizo das administracións públicas destinado no territorio en que se efectúa a operación, beneficiarase do réxime previsto neste real decreto lei cando os danos se produzan no territorio en cuestión, durante o período comprendido entre a data de despregamento e a data de repregamento efectivo da operación.

### Artigo 5. *Beneficiarios.*

1. No caso de falecemento do persoal incluído no artigo 2, serán beneficiarios dos dereitos recoñecidos neste real decreto lei as seguintes persoas, coa orde de prelación que se indica:

a) O cónxuxe, non separado legalmente, da persoa falecida ou a persoa que convivise con ela de forma continuada con relación análoga de afectividade, e os fillos da persoa falecida.

b) En caso de inexistencia dos anteriores, os pais da persoa falecida.

c) En defecto dos pais, sempre que dependesen economicamente da persoa falecida e por orde sucesiva e excluínte, os netos desta, calquera que sexa a súa filiación, e os avós.

2. De concorrer dentro dun mesmo parágrafo do punto anterior varios beneficiarios, a distribución da cantidade a que ascenda a indemnización efectuarase da seguinte maneira:

a) No caso da letra a), a cantidade repartirase por metades, correspondendo unha ao cónxuxe ou convivente, e a outra, aos fillos, que se distribuirá entre eles por partes iguais.

b) Nos casos das letras b) e c), por partes iguais, entre os beneficiarios concurrentes.

3. Para os efectos deste artigo, entenderase que unha persoa depende economicamente do falecido cando, no momento do falecemento, vivise totalmente a

expensas deste e non percíbise, en cómputo anual, rendas ou ingresos de calquera natureza superiores ao dobre do indicador público de renda de efectos múltiples vixente no dito momento, tamén en cómputo anual.

4. Cando se produza a desaparición dalgunha das persoas a que se refire o artigo 2, os beneficiarios que se determinan no punto 1 deste artigo poderán solicitar as indemnizacións previstas neste real decreto lei de acordo cos requisitos que nel se establecen, sen prexuízo de que, probada a súa existencia, os ditos beneficiarios deban restituír as cantidades percibidas

#### Artigo 6. *Compatibilidades.*

1. As indemnizacións outorgadas conforme as disposicións deste real decreto lei serán compatibles coas pensións, axudas, compensacións ou resarcimentos que se recoñecesen ou se puidesen recoñecer no futuro ao amparo das previsións contidas na normativa de aplicación en cada caso.

2. As indemnizacións e axudas previstas neste real decreto lei serán incompatibles coas previstas na normativa sobre vítimas do terrorismo.

#### Artigo 7. *Exencións tributarias.*

As cantidades percibidas como consecuencia das indemnizacións a que se refire este real decreto lei estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto de sucesións e de calquera imposto persoal que puidese recaer sobre elas.

#### Artigo 8. *Tramitación de expedientes.*

1. A tramitación e resolución dos procedementos, así como o pagamento das indemnizacións que se establecen neste real decreto lei, corresponderalle ao Ministerio de Defensa, logo da proposta do ministerio do que dependa o persoal enunciado no artigo 2.

2. Os titulares ou, se é o caso, os beneficiarios poderán solicitar, no prazo de seis meses, a concesión das cantidades que lles puideren corresponder. Este prazo, en caso de falecemento, computarase desde a data en que se produciu o falecemento. No suposto de lesións, computarase desde o momento en que o órgano oficial competente determine o grao de incapacidade derivado delas.

3. O prazo máximo para a resolución das solicitudes será de seis meses.

4. Contra a resolución que poña fin á vía administrativa, poderase interpor, se é o caso, recurso contencioso-administrativo.

#### Artigo 9. *Empregos honoríficos.*

O falecemento e as incapacidades que impidan totalmente o desempeño das funcións propias do corpo, escala, praza ou carreira do militar incluído no ámbito de aplicación deste real decreto lei poderase considerar mérito excepcional para efectos do disposto no artigo 17 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das forzas armadas, e no artigo 16 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da garda civil.

#### Disposición adicional primeira. *Outros beneficiarios.*

O sistema de indemnizacións que se establece neste real decreto lei tamén se lles aplicará:

a) Aos españois que, integrados nun programa ou acción desenvolvida por organizacións non gobernamentais, sexan autorizados individual e especificamente polos ministerios de Defensa e de Asuntos Exteriores e de Cooperación para desprazarse e participar no ámbito das operacións a que se refire o artigo 1.

b) Aos xornalistas españois acreditados individual e especificamente polo Ministerio de Defensa ou, no suposto de operacións integradas exclusivamente por membros dos corpos e forzas de Seguridade, polo Ministerio do Interior, para o desenvolvemento da súa actividade profesional no ámbito das operacións a que se refire o artigo 1.

#### Disposición adicional segunda. *Pensións excepcionais.*

1. En atención ás circunstancias especiais que concorren no falecemento das persoas que a continuación se relacionan, que deron a súa vida en acto de servizo por España, recoñécese pensión excepcional do réxime de clases pasivas do Estado, na contía anual que se indica, a favor de:

a) Ana Ochoa Vela, 29100409-G, como beneficiaria do sarxento primeiro Miguel Ángel Algaba García, na contía anual de 25.304,70 euros.

b) Ana María Madrid Aldeguer, 52828919-N, como beneficiaria do cabo primeiro Juan Carlos Bohabonay Domínguez, na contía anual de 19.434,45 euros.

c) Lorena Puente López, 72045113-M, como beneficiaria do sarxento Juan Jesús Nieto Mesa, na contía anual de 25.304,70 euros.

d) Beatriz Monreal Aliaga, 25452703-Y, como beneficiaria do sarxento primeiro Sergio López Saz, na contía anual de 25.304,70 euros.

e) Guadalupe González Chartes, 77331724-C, como beneficiaria do soldado Edgar Vilardell Iniesta, na contía anual de 19.434,45 euros.

2. As contías mencionadas na epígrafe anterior percibiranse en 12 mensualidades ordinarias e dúas extraordinarias que se devengarán o primeiro día dos meses de xuño e decembro.

3. Estas pensións terán efectos económicos do 1 de xuño de 2003 e rexeranse, respecto da súa revalorización, complementos económicos e limitacións no crecemento, polas normas xerais que regulan as pensións do réxime de clases pasivas do Estado.

4. A percepción destas pensións será incompatible coa das pensións ordinarias ou extraordinarias que poida recoñecer calquera réxime público de protección social básica, sempre que deriven dos mesmos feitos e suxeito causante.

5. As pensións reguladas nesta disposición non serán transmisibles e extinguiranse nos supostos de perda de aptitude legal do beneficiario previstos na lexislación de clases pasivas do Estado.

6. No non disposto expresamente por esta disposición adicional, entenderanse aplicables as disposicións vixentes en materia de clases pasivas do Estado no que non se opoña a ela.

7. A Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa procederá de oficio ao recoñecemento das pensións establecidas nesta disposición adicional.

#### Disposición adicional terceira. *Indemnizacións por falecemento e grande invalidez.*

1. En atención ás circunstancias especiais que concorreron no seu falecemento, recoñécese indemnizacións de 140.000 euros a favor dos beneficiarios das



persoas que perderon a vida con posterioridade á entrada en vigor da Constitución española e que se relacionan a continuación:

A) Persoal falecido pertencente ás Forzas Armadas:

*Nome e apelidos*

Arturo Muñoz Castellanos.  
 Ángel Francisco Tornel Yáñez.  
 Francisco Jesús Aguilar Fernández.  
 José Antonio Delgado Fernández.  
 Samuel Aguilar Jiménez.  
 Isaac Piñeiro Varela.  
 Agustín Mate Costa.  
 Francisco José Jiménez Jurado.  
 José Manuel Gámez China.  
 José León Gómez.  
 Fernando Álvarez Rodríguez.  
 Fernando Casas Martín.  
 Álvaro Ojeda Barrera.  
 Raúl Berraquero Forcada.  
 Enrique Veigas Fernández.  
 Sergio Fernandez Sanroma.  
 Santiago Arranz Gonzalo.  
 Raúl Cabrejas Gil.  
 Joaquín Vadillo Romero.  
 Ramón Ledesma Mediavilla.  
 Luis Escoto Zalve.  
 Javier del Castillo Peinado.  
 Manuel Manzano Araque.  
 Blas Aguilar Ortega.  
 Vicente Agulló Canda.  
 Miguel A. Algaba García.  
 Joaquín Enrique Álvarez Vega.  
 David Arribas Cristóbal.  
 César Barciela González.  
 Juan Carlos Bohabonay Domínguez.  
 Juan Bonel Suárez.  
 Miguel A. Calvo Puentes.  
 Francisco J. Cara Gil.  
 Antonio Cebrecos Ruiz.  
 Francisco J. Cobas Ligeró.  
 Francisco de Alarcón García.  
 Miguel A. Díaz Caballero.  
 Fernando España Aparisi.  
 José A. Fernández Martínez.  
 Israel Ferrer Navarro.  
 David García Díaz.  
 David Gil Fresnillo.  
 Javier Gómez de la Mano.  
 Manuel Gómez Gíneres.  
 Ignacio González Castilla.  
 David González Paredes.  
 Mario González Vicente.  
 Emilio Gonzalo López.  
 Santiago Gracia Royo.  
 Eduardo Hernández Máñez.  
 Francisco Javier Hernández Sánchez.  
 Juan C. Jiménez Sánchez.  
 Godofredo López Cristóbal.  
 Juan Ignacio López de Borbón.  
 Sergio López Saz.  
 Ismael H. Lor Vicente.  
 Sergio Malado Franco.  
 Íñigo Malado Franco.  
 Juan Ramón Maneiro Cruz.  
 Rafael Martínez Mico.  
 José L. Moreno Murcia.  
 Francisco Moro Aller.  
 José María Muñoz Damián.  
 Alberto Mústienes Luesma.  
 Juan Jesús Nieto Mesa.  
 Antonio Novo Ferreiro.

José Gabino Nve Hernández.  
 Carlos Oriz García.  
 José Ignacio Pacho González.  
 David Paños Saa.  
 José M. Pazos Vidal.  
 Felipe A. Perla Muedra.  
 Jesús Mariano Piñan del Blanco.  
 José Manuel Ripollés Barros.  
 Iván Jesús Rivas Rodríguez.  
 Eduardo Rodríguez Alonso.  
 Pedro Rodríguez Álvarez.  
 Miguel Sánchez Alcázar.  
 José M. Sencianes López.  
 José Ramón Solar Ferro.  
 Juan A. Tornero Ródenas.  
 Feliciano Vegas Javier.  
 José Ignacio Viciosa García.  
 Edgar Vilardell Iniesta.  
 Luis Puga Gándara.  
 Rafael Salcedo Aguilar.  
 Joaquín Castro Rodrigo.  
 Evaristo Álvarez Cires.  
 Ignacio J. Romero Romero.  
 Fernando Martínez Morgade.

B) Persoal falecido pertencente ás forzas e corpos de seguridade do Estado:

*Nome e apelidos*

Domingo Julio Gómez Franco.  
 Jaime Pérez Fortes.  
 José Andrés Ygarza Palou.  
 Miguel Luis Martínez Vázquez.  
 José María Martínez de Rituerto García.

C) Persoal diplomático falecido:

*Nome e apelidos*

Jaime Ruiz del Árbol y Soler de Cornellá.  
 Felipe Sáenz de Cabezón.  
 Francisco Molins Artola.

D) Xornalistas falecidos en conflitos armados fóra de España:

*Nome e apelidos*

José Couso Permy.  
 Julio Anguita Parrado.  
 Ricardo Ortega Fernández.  
 Julio Fuentes Serrano.  
 Jordi Pujol i Puente.  
 Juan Antonio Rodríguez Moreno.  
 Miguel Gil Moreno.

2. Así mesmo, en atención ás circunstancias especiais que concorreron na produción de lesións que determinaron a súa cualificación de grande invalidez, recoñécese indemnizacións de 390.000 euros a favor do seguinte persoal pertencente ao corpo da Garda Civil:

*Nome e apelidos*

Máximo Álvarez Álvarez.

3. As persoas que, nos termos previstos no artigo 5, se consideren con dereito a percibir as indemnizacións como beneficiarios dos falecidos incluídos na epígrafe 1 desta disposición poderán solicitar a concesión das cantidades que lles puideren corresponder no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Créditos.*

De conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, adoptaranse os acordos necesarios para habilitar os créditos que sexan precisos para atender as contías das obrigas que derivan da aplicación deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de novembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en Funcións,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

(Este real decreto inclúese tendo en conta as correccións de erros publicadas no «Boletín Oficial del Estado» números 280, do 20 de novembro de 2004, e 282, do 23 de novembro de 2004)

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**19241** *ORDE SCO/3664/2004, do 11 de novembro, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos. («BOE» 273, do 12-11-2004.)*

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, compilou nun só texto toda a normativa existente sobre esta materia, adaptándose á lexislación comunitaria. Os anexos do citado real decreto foron modificados en seis ocasións mediante as ordes ministeriais do 4 de xuño de 1998, do 26 de abril de 1999, do 3 de agosto de 2000, SCO/249/2003, SCO/1448/2003 e SCO 2592/2004.

Actualmente producíronse dúas novas adaptacións ao progreso técnico dos anexos da Directiva marco de cosméticos 76/768/CEE mediante as directivas 2004/87/CE e 2004/88/CE da Comisión, ambas do 7 de setembro de 2004.

Esta orde, que se dita con base na habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, traspón ao noso dereito interno as directivas citadas no parágrafo anterior.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Modificación do anexo III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.*—O anexo III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, modifícase como segue:

a) Na primeira parte engádense os números de orde 96 e 97 seguintes:

Número de orde	Substancias	Restricións			Condições de emprego e advertencias que deben figurar obrigatoriamente na etiquetaxe
		Campo de aplicación e/ou uso	Concentración máxima en produto terminado	Outras limitacións e exixencias	
A	b	c	d	e	f
96	Almiscra de xileno (n. CAS 81-15-2)	Todos os produtos cosméticos, excepto os produtos para hixiene bucal.	a) 1,0 % en fragancia final. b) 0,4 % en auga de colonia. c) 0,03 % nos demais produtos.		
97	Almiscra de cetona (n. CAS 81-14-1)	Todos os produtos cosméticos, excepto os produtos para hixiene bucal.	c) 1,4 % en fragancia final. d) 0,56 % en auga de colonia. e) 0,042 % nos demais produtos.		

b) Na segunda parte:

1. A data 30.9.2004, da columna g, correspondente aos números de referencia 1 a 60, substitúese pola data 31.12.2005.

2. Elimínanse os números de referencia 61 e 62.

Segundo. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 11 de novembro de 2004.

SALGADO MÉNDEZ

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**19309** *REAL DECRETO 2128/2004, do 29 de outubro, polo que se regula o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas. («BOE» 274, do 13-11-2004.)*

Desde o seu establecemento en 1993, en virtude do Regulamento (CEE) n. 3508/92 do Consello, do 27 de nov-